


MAGOSTO

2022



UNIDADE DIDÁCTICA

O MAGOSTO
O OURIZO
MANUEL MARÍA

EDUCACIÓN PRIMARIA



CEIP E. PARDO BAZÁN, A CORUÑA
CEIP JUANA DE VEGA, DE OLEIROS, A CORUÑA
CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE, A CORUÑA
CEIP LUÍS SEOANE, DE OLEIROS, A CORUÑA
CEIP PLUR. BRAGADE, DE OZA-CESURAS, A CORUÑA
CEIP PLUR. MANUEL MURGUÍA, DE FEÁNS, A CORUÑA
CEIP PLUR. SAN PEDRO DE VISMA, A CORUÑA
CEIP RAMÓN DE LA SAGRA, A CORUÑA
CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO, DA LARACHA, A CORUÑA
CEIP SALGADO TORRES, A CORUÑA
CEIP SOFÍA CASANOVA, DE CULLEREDO, A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

O MAGOSTO



<https://es.liveworksheets.com/Magosto 22 Ficha 1>

O magosto é unha das festas máis populares e tradicionais de Galiza. Celébrase no outono en todas as bisbarras do noso país, e tamén na leonesa do Bierzo.




Esta festa xira en torno á recollida e asado das castañas que nalgúns zonas reciben tamén o nome de bullo-tes.

Pero... como se fai un magosto?

En primeiro lugar hai que apañar nos soutos ou ao pé dos castiñeiros as castañas, as que caeron dos ourizos ou as que extraemos do seu interior, despois facémoslles un corte para que non estoupen ao asalar, preparamos unha cacharela con rachas de madeira e sobre as brasas botamos as castañas para asalar.

Unha vez asadas as castañas, pódense meter nun cornete ou noutro recipiente, deixamos que arrefrían un pouco, sacámoslle a casca, tamén chamada tona, e a pela e... a comer castañas!

Antigamente esta festa celebrábase nos propios soutos nos que se apañaban as castañas, volvendo á noite toda a xente para a aldea a continuar a festa.




QUE SABES DO MAGOSTO?


1. Como se chama unha das festas máis populares de Galiza? Completa.

--	--	--	--	--	--	--	--


2. Que froito se consume no magosto? Colorea.



3. Que outro nome teñen as castañas? Arrodea e colorea.



4. En que bisbarra leonesa tamén se celebra o magosto? Une.



5. Como se fai un magosto? Ordena e copia.

Métense nun cornete. ○

Apáñanse as castañas. ○

Fáiselle un corte. ○

E... a comer castañas! ○

Bótanse as castañas nas brasas. ○

Prepárase unha cacharela. ○

6. Une e pinta da mesma cor o nome da árbore e seu conxunto.

Castiñeiro ■

■ **Piñeiral**

Piñeiro ■

■ **Carballeira**



Carballo ■

■ **Amieiral**

Amieiro ■

■ **Souto**

8. Recorta, monta e colore a crebacabezas do ourizo e a castaña.



9. Completa:

Un soto é un conxunto de _____

Unha carballeira é _____

Un amieiral é _____

Un piñeiral é _____

10. En que época do ano celebramos a festa do magosto?

11. Que é unha cacharela? Marca a resposta verdadeira.


Instrumento para escribir, debuxar ou pintar.

Morea de leña que arde e fai laparada.



Ferramenta de metal, que se utiliza para golpear.

12. Fai un relato coas palabras do recadro. Ilústrao e colorea.

castañas soto cacharela cornete



13. Serás quen de atopar as oito diferenzas? Colorea.



O OURIZO

Os soños na gaiola

Manuel María



<https://es.liveworksheets.com/>

Magosto 22 Ficha 2

Co seu ouro vello, mol,
o ourizo ouriceiro
toma o sol
no bico dun castiñeiro.

Tal un señor moi mandón:
no bico dun castiñeiro
o ourizón
toma o sol moi riseiro.

O ourizo está moi ledo
coa súa casa ben pechada
-ouh, que medo!-
de espiñas toda cercada.


Quer botar unha risada
e os seus dentes arregaña
case un nada:
e xa fuxiu a castaña...!



QUE LEMBRAS DO POEMA O OURIZO?

1. Onde toma o sol o ourizo?

2. Como está o ourizo tomando o sol? Colorea.




3. Como ten a súa casa, moi pechada ou moi aberta?


4. De que está cercada a casa do ourizo? Completa.




5. Que arregañou o ourizo? Arrodea e colorea.



6. Colorea o que lle caeu ao ourizo cando botou unha risada.



7. Completa este encrucillado con palabras que aparecen no poema *O ourizo*, de Manuel María.



HORIZONTALAIS

1. Que é moi amigo de mandar e impor a súa vontade.
2. Pugas duras e agudas que arrodean o ourizo.
3. Como tiña os dentes o ourizo cando quixo botar unha risada e lle fuxiu a castaña?
4. Estrela que é o centro do noso sistema planetario e é o astro con maior brillo aparente.
5. Golpe de risa.
6. Árbore de copa ancha, folla caduca, flores brancas, que ten como froito ourizos que conteñen as castañas.
7. Así estaba o ourizo coa súa casa ben pechada. Estaba moi...

1. MANDÓN 2. ESPINHAS 3. ARREGAÑADOS 4. SOL 5. RISADA 6. CASTIÑEIRO 7. LEDO

10. As follas das árbores son diferentes. Varían segundo o tipo de árbore. Completa coa árbore que lle corresponde a cada folla.

pradairo — []

castiñeiro — []

freixo — []

carballo — []

maceira — []


salgueiro — []

The image shows six leaf illustrations on the right side, each with a corresponding empty box above it. The leaves are: 1. A long, narrow, pointed leaf with fine veins. 2. A broad, lobed leaf with a wavy margin. 3. A compound leaf with several smaller leaflets. 4. A long, narrow leaf with a serrated margin. 5. A broad, lobed leaf with a pointed tip and a wavy margin. 6. A broad, ovate leaf with a serrated margin.

11. Un verso é un conxunto de palabras que se corresponde cunha soa liña dun texto poético. Saberías indicar cantos versos ten a poesía *O ourizo*? Colorea.



12. E xa sabes que unha estrofa é cada unha das divisións dun poema e que está formada por versos. Cantas estrofas ten o poema? Arrodea.



Co seu ouro vello, mol,
o ourizo ouriceiro
toma o sol
no bico dun castiñeiro.

Tal un señor moi mandón:
no bico dun castiñeiro
o ourizón
toma o sol moi riseiro.

O ourizo está moi ledo
coa súa casa ben pechada
-ouh, que medo!-
de espiñas toda cercada.

Quer botar unha risada
e os seus dentes arregaña
case un nada:
e xa fuxiu a castaña...!

13. Copia as palabras do poema que rematan en...

-ol	-eiro	-ada	-edo

14. Que quere dicir esta estrofa do poema? Arrodea.

O ourizo está moi ledo
coa súa casa ben pechada
-ouh, que medo!-
de espiñas toda cercada.

**Que o ourizo está seguro
na súa casaña.**

**Que o ourizo ten medo ás
súas espiñas.**

15. En que estrofa nos di que...? Une e colorea.

Como ten a súa casa o ourizo.

1^a

Como toma o sol no bico do castiñeiro

2^a

O que lle pasou ao botar unha risada.

3^a

O motivo polo que está moi ledo.

4^a

16. Cal é a solución desta adiviña? Fai unha ilustración.

**Alto vivo,
mírame a xente
e se me río
quedo sen dente.
Que é?**

O ourizo da castaña

MANUEL MARÍA

O POETA DA TERRA CHÁ



<https://es.liveworksheets.com/>
Magosto 22 Ficha 3

Manuel María Fernández Teixeiro naceu en Outeiro de Rei, Lugo, o 6 de outubro de 1929. Era fillo de Antonio e Pastora, dous labregos acomodados. Os seus primeiros estudos foron nas escolas de Outeiro e Rábade, pasando a Lugo a estudar o bacharelato.

Manuel de Paderna, un xornaleiro da súa vila natal, aprendeu a compoñer versos, actividade que non deixou nunca e para a que tiña unha gran facilidade.

Viviou en Monforte de Lemos, onde traballou como procurador dos tribunais e como profesor nas Academias Balmes e Monforte.

Casou con Saleta Goi e anos despois montaron unha librería en Monforte: a Librería Xistral.

Escribiu moitísimos libros de poesía, teatro, narrativa...: *Barriga Verde*, *Terra Chá*, *Os soños na gaiola*, *O bigote de Mimí*, *As rúas do vento ceibe*, *Auto do labrego*...

Toda a súa obra literaria está escrita en idioma galego.

Foi membro da Real Academia Galega e o seu discurso de ingreso tivo por título *A Terra Chá: poesía e paisaxe*.

No ano 2016 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.



Manuel María Fernández.
Caricatura de A. Pallas



QUE SABES DE MANUEL MARÍA?

1. Cales son os apelidos de Manuel María?

2. Como se chamaban seus pais? Arrodea.

MANOLO e ANTÍA

XOSÉ e CARMÍÑA

EDUARDO e VICENTA

ANTONIO e PASTORA

3. En que localidade naceu? Completa.

		T						E			
--	--	----------	--	--	--	--	--	----------	--	--	--

4. Quen lle aprendeu a facer versos a Manuel María? Une.

N	D	M	A	L	A	N	E	A	D	U	E	R	E	P
----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

5. Como se chamaba a muller de Manuel María?

6. Cal era o nome da librería que abriron Manuel María e Saleta en Monforte de Lemos?

7. En que dúas Academias traballou Manuel María? Colorea.

OUTEIRO	ABC	CASTELAO	BALMES
DEXO	MONFORTE	MONELoS	ATLAS

8. Serás quen de completar este encrucillado con datos relacionados coa biografía de Manuel María?


1			M					
	2		A					
3			N					
	4		U					
5			E					
	6		L					
	7		M					
8			A					
	9		R					
10			Í					
11			A					




1. Unha das dúas academias monfortinas nas que traballou.
2. Que oficio tiñan seus pais?
3. Era de Paderna e aprendeulle a facer versos.
4. Localidade na que naceu.
5. Idioma no que escribiu todos os seus libros.
6. Cidade na que estudou bacharelato.
7. Localidade na que traballou como profesor e procurador.
8. Nome da súa muller.
9. Nesta vila luguesa tamén estudou primaria.
10. Nome da librería que montou con Saleta en Monforte.
11. Como se chamaba súa nai?

1. BALMES 2. LABREGOS 3. MANUEL 4. OUTEIRO 5. GALEGO 6. LUGO 7. MONFORTE 8. SALETA 9. RABADE 10. XISTRAL 11. PASTORA

9. Resolve o crebacabezas coa caricatura de Manuel María, realizada por M. Pallas e coloréaa.



10. E agora fai ti unha caricatura de Manuel María. Escolle unha das fotos, fai a caricatura e colorea.



MANUEL MARÍA